

**ROGO DE AER SOBRE VARIOS TEMAS (Rex. Entrada 30.05.2018, 2018-E-RE-711).**

PLENO 04 XULLO 2018. ACTA 09/2018

O Sr. Covelo dá lectura dos seguintes rogos:

***“2. Sobre as solicitudes de autorizacións de eventos.*** *Unha vez que existen unhas instrucións sobre documentación a presentar para poder celebrar festas ou verbenas populares e que se atopan colgadas na web do Concello. Vistas as dificultades que diversos promotores de eventos tiveron coa burocracia demandada dende o Concello no pasado ano 2017 e que levou a unha desmoralización xeneralizada de cara mesmo a continuar con proxectos de anos de duración. Existindo un gran descoñecemento e mesmo dúbidas importantes entre as organizacións sen ánimo de lucro organizadores de todo tipo de eventos.*

***ROGAMOS novamente que se realicen sesións informativas con tódalas entidades promotoras e organizadoras de eventos en Redondela, para explicar en detalle as instrucións tal como xa solicitamos no rogo formulado no pleno de xaneiro de 2018.”***

*Resposta: sr. González Barbeiro: no departamento se lle contesta a todos.*